



**ACORDO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUN POSTO DE PERSOAL DIRECTIVO NA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL.**

CÓDIGO: AGDR 03 00 00

DENOMINACIÓN: SUBDIRECTOR/A DE RELACIÓNS COS GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

**PRIMEIRO:** A convocatoria da praza publicouse no *DOG* núm. 190, do 2 de outubro de 2024, mediante o Anuncio do 24 de setembro de 2024.

Optaron a praza un total de tres candidatos:

Francisco Miguel Castro Allegue \*\*\*\* 234B

Francisca María Gago Guillán \*\*\*\*088E

María Dolores Landeira Liñares \*\*\*\* 049W

**SEGUNDO:** O 28/10/2024 a directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural elevou a definitiva a relación provisional de admitidos e excluídos, admitindo a Francisca María Gago Guillán, e excluíndo a Francisco Miguel Castro Allegue e a María Dolores Landeira Liñares

No caso de Francisco Miguel Castro Allegue os motivos da exclusión provisional foron:

-Non presentar a relación individualizada de cada un dos méritos que alega -base sexta, apartado d) da convocatoria-.

-Non presentar o plan de actuación -base sexta, apartado f) da convocatoria-.

No caso de María Dolores Landeira Liñares o motivo da exclusión foi non presentar a relación individualizada de cada un dos méritos que alega nin a documentación acreditativa destes en orixinal ou copia cotexada -base sexta, apartado d) da convocatoria-.





**TERCEIRO:** O 04/11/2024 constituíuse o tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura do posto de subdirector/a de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, nomeado pola Resolución da Dirección xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, do 18/10/2024.

**CUARTO:** Na propia sesión de constitución, o tribunal valorou os méritos alegados pola única candidata admitida no proceso, Francisca María Gago Guillán, en relación cos apartados A.1.1.Experiencia Laboral e A.1.2. Formación, da base décimo primeira que rexe este proceso de selección.

Desta valoración resultou a seguinte puntuación:

	Puntuación máxima	Puntuación obtida
Experiencia Laboral	20	20
Formación	10	10

**QUINTO:** Na sesión que tivo lugar o 05/11/2024 o tribunal valorou o Plan de actuación de acordo cos criterios establecidos nas bases da convocatoria.

Desta valoración resultou unha puntuación no apartado A.2. Plan de actuación, de 16,7 puntos.

#### **Proposta de puntuación provisional Primeira fase do proceso de selección**

A vista do anterior o tribunal ACORDA concederlle a Francisca María Gago Guillán \*\*\*\* 088E a seguinte puntuación :

PRIMEIRA FASE	Puntuación máxima	Puntuación obtida
Formación	20	20
Experiencia Laboral	10	10
Plan de actuación	25	16,7
Total	55	46,7





AXENCIA GALEGA  
DE DESENVOLVEMENTO  
RURAL

Esta puntuación provisional publicárase na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Establécese un prazo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación deste acordo na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para que a interesada poida presentar as reclamacións que considere oportunas

En Santiago de Compostela; na data da sinatura dixital

O presidente do tribunal

(Resolución da Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 18/10/2024)

Bruno Fernández González

